



# Comencer



REAL SEMINARIO CONCILIAR DE STA. CATALINA - MONDOÑEDO (Lugo)

AÑO XVI - NÚMERO 139

Marzo - 1997



# AMENCER

edita:

**SEMINARIO STA. CATALINA**

Praza do Seminario, 1

Apartado, 2

27740 - MONDOÑEDO (Lugo)

director:

MARCELINO GARCÍA BERMÚDEZ, 8º EXB

subdirectores:

SERGIO GUTIÉRREZ LODEIRO, 8º EXB

DANIEL VEGA PÉREZ, 1º ESO

redactores:

LUÍS PRADOS LÓPEZ, 8º EXB

XABIER ZAMORA RODRÍGUEZ, 8º EXB

CRISTIAN VILLAMIL VARELA, 1º ESO

RAMÓN CASTAÑAL FERRERÍA, 1º ESO

administración e publicidade:

IVÁN BRAÑANOVA FERDEZ., 8º EXB

ADRIÁN RODRÍGUEZ ALONSO, 8º EXB

XOÁN FERNÁNDEZ GRANDÍO, 1º ESO

profesor responsable:

FÉLIX VILLARES MOUTEIRA

depósito legal: LU - 1609-82

Revista subvencionada pola  
Dirección Xeral de Política Lingüística  
Consellería de Educación e O.U.

Tirada: 450 exemplares

# AMENCER

NÚMERO 139 - MARZO 1997

*Homenaxe a*  
**A. NORIEGA VARELA**

## sumario

- . tapa: *homenaxe a Noriega Varela*
- . tableiro, 1
- . a xeito de cancela, 2
- . os nosos escritores:  
    **A. Noriega Varela, 3**
- . falamos con...  
    **Xosé R. Freixeiro Mato, 15**
- . escolma de obra de  
    Antón Noriega Varela, 25
  - de *Montañesas*, 25
  - de *Do Ermo*, 28
  - outros poemas, 32
- . a carón do lume, 33
  - refráns, 33
  - cantares, 34
  - adiviñas, 35
  - a *Virxen i a paisanaxe*, 36
- . chispa, 37
- . colaboraron, 40

## a xeito de cancela

O día 27 de marzo cúmprense os cincuenta anos do pasamento, na cidade de Viveiro, do poeta mindoniense, Antón Noriega Varela. O Seminario de Mondoñedo, fiel e consciente da súa tradición cultural non pode deixar pasar data esta sen lembrar a un home que se formou nas súas aulas. Por iso este número de *AMENCER* vai adicado, na súa totalidade, a este egrexio vate.

Neste número non aparecen a maioría das seccións habituais da nosa revista. Reaparece a sección *Os nosos escritores* na que damos a coñecer unha serie de datos novos, que dan luz sobre os primeiros anos da vida de Noriega Varela. En *Falamos con...* mantemos unha longa entrevista con Xosé Ramón Freixeiro Mato, un dos grandes estudiosos da vida e da obra do noso poeta. Completamos este número con *Escolma* onde reproducimos poemas de Noriega co fin de achegarnos á súa obra, xa que coidamos que a mellor homenaxe que se lle pode facer a un escritor, é le-la súa obra. Non esquecemos tampouco o labor de recollida de literatura popular que fixo Noriega e por iso na sección *A carón do lume* -que era onde nas noites de inverno se lles contaban os contos ós nenos, se lles propoñían adiviñas, se lles ensinaban cantigas e oracións- ofrecemos unha mostra desta literatura. Remata a nosa revista con *Chispa*, as páxinas de humor e pasatempos que tamén tocan aspectos da vida do poeta mindoniense.

Esta pretende se-la nosa pequena homenaxe a este escritor **noso**, que pasou polas aulas nas que estamos nós, que andou polos mesmos corredores polos que andamos nós e que rezou na mesma capela na que o facemos nós.

O Seminario completará esta homenaxe a Noriega Varela cunha conferencia que pronunciará Xosé Ramón Freixeiro Mato, na Aula *Losada Quiroga*, ás oito da tarde do vindeiro catro de abril

AMENCER



Rotulou:

. EFREN EDROSA LAGE, 1º ESO

### **nacemento**

**ANTONIO MANUEL JESÚS MARÍA NORIEGA VARELA** naceu ás dez e cuarto da noite do día dezasete de outubro de 1869. Así se desprende da nota que levaba cando foi depositado na Casa-Inclusa de Mondoñedo, á unha e media da noite, do día dezaioito de outubro. Esta nota, que se conserva no Arquivo Diocesano de Mondoñedo, di: *este nillo llebo agua pongasele el nonbre Antonio Manuel Jesús i María nacio el dia dicisiete de otubre alos tres cquartos para las Ooze delanoche*. Na Casa-Inclusa foi inscrito co número 7231.

7.2.91.  
 S' convido deboa hora. Ponnanse lo  
 el convido de boaoio Melanud pesus  
 e Maria nacio. elia e i c i g i a t e  
 e otubre a los tres cantos para  
 las Ooz e e cano c i l e

Copia do papel que levaba Noriega Varela cando o deixaron na Casa-Inclusa de Mondoñedo o 18 de outubro de 1869

Foi bautizado *solemne y condicionalmente* -como reza a partida- o mesmo día dezaioito, sendo madriña a nodriza interna, Rufina Méndez y Lastra, solteira e oriunda de Santa Marta de Meilán.

O día dezanove do mesmo mes saíu para a parroquia de Santo Tomé de Lourenzá a cargo de Rosa Díaz Ledo nº 632 muger de José Rivera, que vivía no lugar do Cristo. No Arquivo Diocesano consérvase o informe do párroco de Santo Tomé, con data de trece de outubro, no que di que a tal Rosa Díaz Ledo gozaba de boa conducta e que tivera un neno facía seis meses que lle morrera había poucos días. Tamén está o informe do médico da Casa-Inclusa que a declara apta para ser nodriza.

### **recoñecemento pola nai**

O 23 de marzo de 1871, a nai de Noriega Varela, Dolores Fernández Noriega Varela, solicita ó Director da Casa-Inclusa, recoñecer, como fillo natural, ó expósito Antonio Manuel Jesús María, número 7231. No xa citado Arquivo Diocesano consérvase o expediente completo. Así aparece a solicitude que, curiosamente, non firma a nai senón *Por la suplicante Antonio Felpeto*. Na solicitude lese: *D<sup>a</sup> Dolores Fernández Noriega, soltera, hija de D<sup>on</sup> Juan José y D<sup>a</sup> Antonia, difuntos,, y vecina de esta ciudad, a V. con el debido respeto expone: que á la una y media de la noche del diez y ocho de octubre de mil ochocientos sesenta y nueve, tubo entrada en ese establecimiento un niño recién nacido, y evuelto en las prendas siguientes,, un capote de tela,, de pañal un pañuelo blanco,, una mantilla de Moleton blanco,, faja blanca de algodón tres gorros,, dos blancos y uno de color barquillo y además un papel que decía,, este nillo llevo agua, pongasele el nombre de Antonio Manuel Jesus M<sup>a</sup>, nacio el dia diez y siete de Octubre á los tres cuartos para las onze de la noche; como este sea hijo de la esponente y tenga voluntad de recogerlo a su compañía para criarlo, educarlo y enseñarlo cual lo esige un amor maternal, a V acude y le suplica que previos los informes necesarios y su correspondiente fianza le haga la entrega de su referido hijo, que será favor que agradecerá la que desea guarde Dios...* Nesta solicitude hai unha nota marxinal que di: *Instruyase el exped<sup>te</sup> segun reglam<sup>to</sup>. Mond<sup>o</sup> Marzo 23,, de 1871.*

Con data 24 de marzo de 1871 hai unha **ratificación** da solicitude por parte de súa nai, Dolores Fernández Noriega Varela. Aparecen ademais os seguintes documentos que reproducimos:

- 1.- Informe de dous veciños de Mondoñedo: *En la misma*

Ciudad, día mes y año, trajo la interesada por testigos á Don Pascual Feliciano Vázquez y á Don Lorenzo Lopez, mayores de edad y vecinos de esta Ciudad quienes estando presentes ante el Sr. Director y de mi Srio. y preguntados en forma dijeron: que conocian a su convecina D<sup>a</sup> Dolores Fern<sup>ez</sup> Noriega, como una muger de buena conducta hasta la fecha: que en la actualidad la D<sup>a</sup> Dolores tiene en su poder un estanco en uno de los puntos mejores del Pueblo, con cuyo producto puede seguir con la crianza y educación del hijo que reclama, que en la epoca presente no cuenta con mas recursos que los que le suministra el referido estanco, con lo que no puede solventar al establecimiento los gastos que ocasionó durante su crianza. Asi lo afirmaron por verdad, firmando despues del Sr Director de que certifico. Seguen as firmas do Director -Julián Hervás-, das testemuñas e do Secretario -José M<sup>a</sup> Abelleira). Compre sinalar que os gastos ós que fan referencia que ocasionó durante su crianza ascendían a 123,41 pesetas, segundo certificado do administrador da Casa Inclusa. Velaquí o certificado:

Yo el infrascripto *Adm. or de la Casa Inclusa de niños cojos*  
*sita en la Ciudad de Mondoñedo provincia de Lugo*

**C**ertifico: que el niño Antonio  
 Manuel Jesus Maria num. 7.231 tuvo en  
 trada en este establecim<sup>to</sup> en 18 de Octubre de 1863  
 el cual desde dicho dia devengo á razon de seis pesetas  
 y <sup>veinte</sup> cinco centimos mensuales *h<sup>ta</sup> de N. Subina* 108,41  
 Y importa la ropa entregada por al establecim<sup>to</sup>  
 á la nodriza con el niño - - - - - 19  
 Y suman las dos partidas anteriores ciento <sup>veinte</sup> y tres pesetas  
 y cuarenta y un centimos - - - - - 123,41

Mondoñedo 16 de Abril de 1871.



*Santiago de la Torre*

2.- Informe do Párroco, que o fai no mesmo papel no que lle solicitan, da Casa Incusa, o informe e polo que sabemos que a nai de Noriega vivía no Pasadizo de la Plaza. O informe do párroco, que era Manuel Osorio Alvarez de los Ríos, di así: *Nada tengo que oponer, ni me consta contra la conducta de la solicitante: sus recursos creo iran alcanzando á cubrir los gastos que sean necesarios al objeto que se propone. Mond<sup>o</sup> 28 marzo 1871.* Hai un selo que pon *Curato parroquial de la ciudad de Mondoñedo.*

3.- Informe do Alcalde, José M<sup>a</sup> Vivero y Allegue: *Nada me consta ni llego á mi noticia en contrario de la buena conducta de D<sup>a</sup> Dolores Fern<sup>z</sup> Noriega soltera y vecina de esta ciudad y subsiste del producto de alguna propiedad inmueble, y del de un estanco de tabacos que viene regentando. Lo digo á V por contestación a su oficio 24 del corriente. Dios guarde á V m<sup>s</sup> a<sup>s</sup>. Mondoñedo 24 de M<sup>zo</sup> de 1871. Sr. Director de la Casa-inclusa de esta Ciud<sup>ad</sup>.*

4.- Informe da Garda Civil, que aparece firmado polo Cabo 2<sup>o</sup>, Juan Pérez López: *En contestación a su atento oficio de 24 de los corrientes, debo manifestar á V que D<sup>a</sup> Dolores Fernández Noriega, de esta vecindad, observa una conducta intachable a la presente y cuenta con suficientes recursos para atender a la manutención del expósito Ant<sup>o</sup> Man<sup>l</sup> Jesus que solicita reconocer como hijo. Dios guarde á V m<sup>s</sup> a<sup>s</sup>. Mondoñedo 27 de Marzo 1871.*

5.- Informe do Director da Casa-Inclusa, Julián Hervás: *Excmo. Sr. Habiendo visto el exped<sup>te</sup> de reconocim<sup>to</sup>, y no encontrando en el cosa alguna que á el se oponga; soy de parecer el que se efectue otro reconocim<sup>to</sup>. Sin embargo V.E. determinará lo que juzgue oportuno sobre el particular. Mond<sup>o</sup> Abril 19,, de 1871. El Director.*

A pesar de que o Director da Casa Inclusa pedía que se efectuase outro recoñecemento, a Comisión Provincial da Deputación de Lugo, con data de 12 de xullo de 1871, aproba o expediente de recoñecemento e manda que se lle entregue, *previos los requisitos de Reglamento*, a Dolores Fernández Noriega o expósito Antonio Manuel Jesús María. Velaquí o escrito da Deputación:



COMISION PROVINCIAL  
DE LA  
Diputacion de Lugo.

Núm. 441

Esta Comision en  
sesion de 5. del actual  
ha acordado aprobar el  
expediente de reconoci-  
miento del niño expo-  
sito Antonio Manuel  
Jesus Maria numer. 7.231  
de la matricula de ese  
Establecimiento solicitado  
por su madre D.<sup>a</sup> Dole-  
res Fernandez Toriega  
vecina de esa Ciudad, y  
devolverlo a V. para que,  
previos los requisitos de  
Reglamento, entregue a  
esta el exposito indicado.

D. D.

quede a' V. ant. a' cargo  
12 de Julio de 1871

El Presidente

*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signature]*

Mr. Director de la Casa Asilada de  
Mondoñedo

Xa coa nai, en Mondoñedo transcurriron os anos da nenez de Noriega Varela. Compre dicir que tiña un tío cura, irmán de súa nai, que se ordenou precisamente o ano en que naceu o poeta. Este tío cura vivía no Campo dos Remedios. Finou o 28 de marzo de 1891.

O quince de setembro de 1883 ten lugar a rectificación da partida de bautismo de Noriega, segundo consta no libro 34 de bautizados da parroquia de Santiago de Mondoñedo, folio 112, que aparece firmada polo Lic. Gregorio Cerdeira Villaamil. ¿Por que non se rectificou antes a partida de bautismo se a nai xa o recoñecera en 1871? ¿Non se fará agora para poder ingresar no Seminario?

## no seminario

No curso 1883-84 Noriega Varela cursa primeiro de Latín e Humanidades como alumno interno e leva a nota de *Meritus* (hoxe, Ben- 6). Figura nas actas como Antonio Fernández Noriega Varela, e así aparecerá ata o segundo curso de Filosofía no que desaparecerá o apelido Fernández.

No curso 1884-85 fai, como externo, segundo de Latín e Humanidades levando tamén *Meritus*.

No curso 1885-86 cursa terceiro de Latín e Humanidades, como alumno externo, aprobando con *Benemeritus* (hoxe Notable-7).

No curso 1886-87 aproba cuarto de Latín e Humanidades coa nota de *Meritissimus* (hoxe Sobresaliente-9/10); é tamén alumno externo.

No curso 1887-88 cursa primeiro de Filosofía e non se presenta ós exámenes de xuño. Aparece *Non comparuit*. Nos exámenes extraordinarios celebrados o 27 de novembro de 1888, aproba primeiro de Filosofía coa calificación de *Meritus*.

No curso 1888-89, fai segundo de Filosofía e leva *Benemeritus*. *Meritus* en Retórica e *Meritissimus* en Canto llano. Neste curso xa aparece como Antonio Noriega Varela.

No 1889-90 cursa terceiro de Filosofía que aproba coa nota de *Meritus*, levando en Retórica tamén *Meritus*.

Deixa o Seminario ata o curso 1893-94 no que fai o primeiro de Teoloxía da chamada *Carreira breve* e leva *Benemeritus* en Teoloxía Dogmática e *Meritus* en Teoloxía Moral.

No curso 1894-95, fai segundo de Teoloxía e acada *Meritus* en Teoloxía Dogmática e en Teoloxía Moral.

Compre sinalar que os que facían a chamada *Carreira breve* só cursaban dous cursos de Teoloxía, mentres que o normal era que fosen cinco ou seis cursos. Noriega, xa que logo, rematou a carreira de cura. No número 22 de *AMENICER*, correspondente a novembro de 1984, demos a coñecer un documento que rebatía algunhas opinións que había sobre Noriega no sentido de que *abandonara os estudos de crego* (Fernández del Riego), ou que deixara o Seminario *por falla de vocación* (Carballo Calero) ou o que dicía Leal Insua de que *las humanidades le habían humanizado más de lo conveniente y acabó por dejar los estudios eclesiásticos*. Nada diso, Noriega quería orde-

narse e así se deduce dunha solicitude que súa nai dirixe ó Rector do Seminario e na que di: *M. I. Sr. Rector del Seminario Conciliar de ésta ciudad: D<sup>a</sup> María de los Dolores Noriega Varela, natural y vecina de ésta ciudad á Vs. con el mayor respeto expone: Que su hijo D<sup>o</sup>. Antonio, mayor de 24 años ha cursado y probado en éste Seminario Conciliar cuatro anos de Latinidad, tres de Filosofía y los de Teología para la carrera brebe, y há elevado á S. Santidad humildes preces con favorable informe del Ilmo. Sr. Obispo impetrando dispensa ex defectu natalium, la cual espera de un momento á otro, pero antes del día 1<sup>o</sup> de Septiembre próximo. Desea su referido hijo ingresar en dicho Seminario, como ejercitando para ser promovido á los sagrados órdenes en el curso inmediato venidero. Y con tal objeto la exponente, como persona mayor del interesado a VS. acude y rendidamente le SUPLICA se digne admitir á su referido hijo en clases de ejercitando el próximo curso, obligándose la exponente á abonar las dietas que ocasione. Es favor que espera de la bondad de VS. Mondoñedo, 30 de Agosto de 1895.* A solicitude, que foi escrita por Noriega e firmada por súa nai, ten dúas notas marxinais: unha, firmada o 17 de setembro de 1895 polo rector, Sergio de la Vega, di: *No puede ser admitido en clase de Ordenando hasta haber obtenido y presentado con los demás documentos, la necesaria dispensa, según está establecido en la última circular inserta en el Boletín de la Diócesis.* Na outra lese: *A este alumno no le fue concedida la dispensa que solicitaba.*

### **premio**

Polas San Lucas do ano 1895 Noriega Varela gañou o premio, no apartado destinado ás composicións de carácter costumista, nun certame literario celebrado en Mondoñedo. A composición premiada foi *De Ruada*. O xurado estaba composto, nada máis e nada menos, que por Manuel Murguía, Eduardo Pondal, Xosé Pérez Ballesteros, Andrés Martínez Salazar e Victorino Novo.

### **mestre de escola**

Noriega Varela obtén o título de mestre de dereitos limitados e, en 1901, vai para a escola de Fondós, en Foz. Pero ¿que fixo Noriega e de que viviu desde 1895, ano en que deixa o Seminario, e

1901, ano que vai para Foz? O primeiro de xullo de 1902 casa con Ramona Bello Mariña, labradora, natural e veciña de Foz coa que vai ter seis fillos, algúns dos que van morrer sendo moi novos.

A principios de 1911 é cesado na escola de Fondós, en Foz, e é destinado a Calvos de Randín, ó sur da provincia de Ourense. ¿A que se debe este cese en Foz? Varias foron as opinións, pero quizabes sexa un aspecto da vida de Noriega que haxa que estudar máis a fondo.

En outubro de 1913, Noriega vai para Trasalba, preto de Ourense, onde gozará da amizade e da axuda de Ramón Otero Pedrayo. En Trasalba morre a súa muller o 15 de marzo de 1915, da que lle quedan dúas fillas: Cándida e Dolores. O 13 de agosto de 1916, Noriega Varela casa con Dorinda Almansa Vázquez, veciña de Outeiro de Trasalba coa que vai ter sete fillos. Noriega rexentou a escola de Trasalba ata o 28 de agosto de 1926 en que vai para a Graña de Vilarente, no Concello de Abadín, onde estará en contacto con Aquilino Iglesia Alvariño, daquela seminarista en Mondoñedo.

No curso 1931-32 vai para a escola de Santa María de Chavín, preto de Viveiro, onde estará ata a súa xubilación o 26 de xaneiro de 1940. Daquela pasa a vivir en Viveiro -despois de estar uns meses en León cun fillo- onde impartirá clases de Latín nun colexio. En 1943, a Deputación Provincial de Lugo concédelle unha pensión especial de dúas mil pesetas, que recibirá, cada ano, ata a súa morte.

### **o seu pasamento**

O pasamento de Noriega Varela tivo lugar ás dezanove horas do día 27 de marzo de 1947, no seu domicilio de Viveiro, na rúa Pardiñas, a causa dunha bronquite crónica. O funeral celebrouse na igrexa parroquial de Santiago o día trinta, ás doce da mañá e a continuación tivo lugar o enterro no cemiterio de Altamira.

### **ingreso en institucións**

En 1921 ingresa no *Instituto Histórico do Minho* en Portugal.

e en 1923 faino na *Academia de Ciências* de Lisboa. No *Seminario de Estudos Galegos* ingresa o 14 de maio de 1926. En 1927 foi proposto para numerario da *Real Academia Galega*, sendo elexido o 11 de febreiro de 1928. Nunca chegou a le-lo discurso de ingreso e considerouse ingresado o 22 de abril de 1939. Foille concedida a *Cruz de Afonso X, O Sabio*, que lle foi imposta nunha homenaxe celebrada en Mondoñedo o 25 de novembro de 1943. A Noriega Varela adicáronlle o *Día das Letras Galegas* do ano 1969.

### **a súa obra literaria**

Velaquí as obras que publicou Noriega Varela:

- \* *De Ruada*, Luarca, Imprenta de Rullán y compañía, 1895
- \* *Leite fresco*, Luarca, Imprenta de Ramiro P. del Río, 1899
- \* *Unhas palabriñas*, en Arturo Sánchez Núñez, *Balsaminas*, Lugo, Tipografía de G. Castro, 1899.
- \* *¡Vai torta!*, De todo un poco, Mondoñedo, nº 1, 1-5-1904
- \* *Montañesas. Poesía Gallegas*, Luarca, Imprenta de Ramiro P. del Río, 1904.
- \* *Montañesas*, 2ª edición, Mondoñedo, Imprenta de César González-Seco, 1910.
- \* *A Virxen y-a paisanaxe (100 cantigas populares)*, Ourense, Imprenta La Editorial, 1914.
- \* *Do Ermo*, Ourense, Losada, Risco e Noguerol editores, Imprenta de Antonio Otero, 1920. (Hai dúas edicións iguais neste mesmo ano).
- \* *Discurso* pronunciado no *Instituto Histórico do Minho*, Viana, Tip. Comercial A Aurora de Lima, 1924. (Separata de *A Aurora de Lima*). Tamén foi publicado en *Vida Gallega*, Vigo, nº 238 e 239).

\* *Como falan os brañegos*, Serie I, A Coruña, Nós publicacións galegas e imprenta, 1928.

\* *Como falan os brañegos*, Serie II, Vallibria, Mondoñedo 6-4-1930 e 22-6-1930; *Despertar*, Foz, nº 8, 31-5.1936.

\* *Do Ermo*, Mondoñedo, Tip. Centro de Acción Social Católica, 1929.

\* *Do Ermo*, cuarta edición, Lugo, Tip. La Voz de la Verdad, 1946.

A isto hai que engadir o que Noriega recopilou de literatura popular: *Cantares*, publicados algúns no *Boletín da Real Academia Galega*, A Coruña, nº 67, 1-12-1912 e o mesmo compre dicir da serie *Adiviñanzas*, publicadas algunhas no *Boletín da Real Academia Galega*, A Coruña, nº 81, 1-3-1914; en *Nós*, Ourense, nº 1, 30-10-1920, e nº 2 30-11-1920; en *Vida gallega*, Vigo, nº 486, 30-5-1931. Os *Cantares* e as *Adiviñanzas* que permanecían inéditas foron publicadas por Xosé Ramón Freixeiro Mato, *Antonio Noriega Varela. Estudio e edición da Obra Completa*, Lugo, Talleres Gráficos Deputación Provincial, 1994.

FÉLIX VILLARES MOUTEIRA



Debuxo de:  
ADRIÁN RODRÍGUEZ ALONSO



FALAMOS  
CON...



Rotulou:

IVÁN BRAÑANOVA FERNÁNDEZ, 8º EXB

Xosé Ramón Freixeiro Mato

**A APORTACIÓN DE NORIEGA Á  
LITERATURA GALEGA  
PARÉCEME MOI IMPORTANTE.**

*Consegue evolucionar desde o descritivismo  
decimonónico ó esteticismo do século XX,  
contribuíndo así á modernización da nosa  
poesía e, por tanto, da nosa literatura .*

**Don XOSÉ RAMÓN FREIXEIRO MATO é profesor da Facultade de Filoloxía da Universidade de A Coruña. É un dos expertos na vida e na obra de Antón Noriega Varela , xa que ten publicados varios libros sobre o escritor mindoniense. Por iso nos pareceu oportuno traelo a *Falamos con...***

**- ¿Por que se interesou por Noriega Varela?**

- Intereseime por Noriega Varela porque, sendo un poeta do que persoalmente gostaba, non achaba sobre el moita información bibliográfica que me permitise aprofundar no coñecemento da súa vida e da súa obra. E tendo que escoller un tema para a miña Tese de Doutoramento, pareceume conveniente e mesmo necesario, facendo caso tamén ó criterio doutras persoas entendidas, prestarlle atención a unha figura importante da nosa literatura que aínda non fora obxecto da atención precisa por parte dos estudosos.

***Noriega era un home de formación relixiosa tradicionalista e moi devoto.***

**- ¿Que destacaría da personalidade de Noriega?**


- Eu destacaría da personalidade de Noriega, por unha parte, a súa grande vitalidade, á súa paixón pola vida, o seu sentido do humor e a súa grande intelixencia, que o impulsaba ó exceso vitalista e á vea satírica, ás veces mesmo cruel, que se proxectou nalgunhas facetas da súa obra literaria e que tamén lle ten causado algúns problemas na súa vida; mais, por outra parte, Noriega era un home de formación relixiosa tradicionalista e moi devoto, de pensamento moi conservador e amante dos costumes tradicionais,

así como con moitas necesidades económicas derivadas da súa profesión de mestre e dos moitos fillos que tivo, o que o levou a adoptar esaxerados ademáns de finxida humildade e modestia. A súa personalidade estivo, pois, en constante debate entre eses dous pólos.

- ¿E da súa obra?

**Da obra de Noriega hai que destacar, en primeiro lugar, un maior polifacetismo como poeta do que se viña recoñecendo por parte da crítica.**

- Da obra de Noriega hai que destacar, en primeiro lugar, un maior polifacetismo como poeta do que se viña recoñecendo por parte da crítica. Sempre se presentou a Noriega como poeta costumista e intimista, dentro do franciscanismo poético, cando en realidade tamén existen na súa poesía outras vertentes: poesía de inspiración social, composicións humorísticas, sátira política e bastantes poemas de circunstancias. Por outra parte está a súa faceta de paremiólogo ou recolector de literatura popular (*A Virxen y-a paisanaxe*, *Como falan os brañegos*, e outros moitos traballos publicados en diferentes revistas ou mesmo aínda inéditos), verdadeira obsesión ó longo de toda a súa vida.



Debuxo de:


. SERGIO GUTIÉRREZ LODEIRO, 8º EXB

**Noriega  
era un  
home  
marcado  
pola súa  
formación  
relixiosa.**

**Na súa  
obra a  
relixiosidade  
está cons-  
tantemente  
presente.**

**- ¿Era un home relixioso? ¿Como influíu o feito relixioso na súa vida e na súa obra?**

- Si, Noriega era un home moi marcado pola súa formación relixiosa e defensor dun catolicismo de signo moi tradicionalista e conservador, desconfiado de todo canto supuxese innovación ou modernización. Na súa vida prodúcense claros desaxustes entre os principios relixiosos e morais que teoricamente defendía e certos comportamentos pouco acordes con aqueles, sempre dentro dese permanente debate entre exuberancia vitalista e rigor moralista de que anteriormente falamos. Na súa obra a relixiosidade está constantemente presente, tendo depurado da mesma todas aquelas composicións que presentaban un mínimo atisbo de desvío nesta orde. Entre as composicións que el compilou na edición definitiva da súa obra en 1946, son constantes as referencias ou invocacións a Deus e á Virxe. Nas composicións descritivas da vida dos montañeses a relixiosidade aparece como trazo característico da súa vida.



Debuxo de:

. XOSÉ A. CANEIRO BOUZAMAYOR, 1º ESO ,

- ¿E difícil a poesía de Noriega?

- En liñas xerais non é difícil a poesía de Noriega. As maiores dificultades tal vez proveñan, para as persoas non pertencentes á área mindoniense, do léxico fortemente patrimonial e dialectal que utiliza, pois segue o modelo vivo da fala popular e usa moitas palabras que no galego común van ficando hoxe fóra de circulación.

**Hai dúas etapas na súa produción poética: unha primeira de tipo costumista e outra, de estilo máis depurado.**

- Segundo a súa opinión ¿cales son as características da poesía de Noriega Varela?

- Hai dúas etapas fundamentais na súa produción poética: unha primeira de tipo realista e costumista, representada polo seu libro *Montañasas*, onde Noriega se manifesta como un magnífico poeta descritivo decimonónico, ó estilo de Rosalía ou Curros, e outra etapa de estilo máis depurado, representada por *Do Ermo*, onde o autor se mostra como poeta intimista da natureza na liña do franciscanismo poético, que o insere plenamente na poesía do século XX e que obtén o seu cumio na serie de sonetos compostos pola década dos vinte, onde se pon de manifesto unha poesía lírica esteticamente moi elaborada, lonxe do realismo costumista da primeira época. Isto independentemente de que en composicións soltas, moitas veces de circunstancias, apareza en calquera momento o poeta popular con grande capacidade versificadora que Noriega Varela sempre foi.

- ¿Que escritores tiveron máis influxo na súa obra?

- Noriega foi un grande lector de poesía desde a súa época de seminarista en Mondoñedo,

**Noriega  
ten  
recoñecida  
pola crítica  
a creación  
de escola,  
que se ten  
denomina-  
do  
humanística**

onde xa entrou en contacto cos clásicos latinos, e todas esas lecturas van influír na súa obra. Tamén le os poetas galegos do XIX, mostrando grande atracción por Curros e Rosalía, mais tamén por Benito Losada, Lamas Carvajal e outros, que sen dúbida inflúen sobre todo na súa primeira época, Así mesmo en Mondoñedo, convive co seu amigo Leiras Pulpeiro, que vai influír moito nel, tanto na inspiración popular dos seus primeiros poemas como na lingua, pois o mesmo Leiras, grande estudioso e coñecedor do galego mindoniense, lle revisa o texto da primeira edición de *Montañesas* (1904). Mais tamén vai ler os poetas españois, fixándose inclusive en poetas de segunda orde que publican en revistas de carácter relixioso poemas franciscanistas, algún dos cales el adaptou ó galego. Co traslado como mestre á provincia de Ourense vai entrar en contacto directo cos grandes poetas portugueses do momento, especialmente sonetistas como Antonio Nobre, Antero de Quental, Guerra Junqueiro, Eugénio de Castro e sobre todo o grande saudosista Teixeira de Pascoaes, por quen vai sentir unha admiración fóra do común. Son estes autores os que máis inflúen na súa segunda etapa. Mais a lírica portuguesa non lle era allea a Noriega anteriormente, pois xa en 1903 compón un soneto con motivo da morte do seu primeiro fillo en imitación doutro de Camões.

**- ¿En cales influíu el?**

- Noriega, a pesar de non figurar habitualmente entre o grupo máis escollido dos nosos poetas, non obstante ten recoñecida pola crítica a creación de escola, que se ten denominado humanística, á que pertencen autores tan importantes como Aquilino Iglesia Alvariño, Xosé

**Considero que o seu libro máis importante é Do Ermo, segundo foi publicado en 1929 porque inclúe a serie de sonetos, o máis logrado da súa produción**

Crecente Vega e Xosé María Díaz Castro, así como outros poetas menos importantes como Pernas Nieto, Celestino Cabarcos e outros que publicaban na prensa comarcal da época. A influencia de Noriega fíxose extensible a poetas aínda vivos tan importantes como Uxío Novoneyra e Manuel María, segundo eles mesmos teñen declarado.



Debuxo de:  
LUÍS PRADOS LÓPEZ, 8º EXB


- ¿Cal é o libro que lle gusta máis de Noriega? ¿Por que?

- Considero que o seu libro máis importante é *Do Ermo*, segundo foi publicado en Mondoñedo no ano 1929 na súa terceira edición, pois nela se inclúe a serie de sonetos, o máis logrado da súa produción, xunto con outros poemas moi interesantes pola depuración estética que supoñen. A edición definitiva da súa obra en 1946, co título tamén *Do Ermo*, en realidade é unha recompilación de toda a súa produción.

- Se tivese que escoller un poema ¿cal escollería? ¿Por que?

- Sempre é difícil escoller un só poema. Eu teño un gusto especial por aquel soneto de 1903 titulado *Fillo do corazón...*, inspirado no *Ala minha que te partiste...* de Camões, pola grande carga afectiva que contén. Da serie de sonetos dos anos vinte destacaría *Ora é unha abedoeira...*, mais todos eles son dunha grande beleza.

**Erpurgou  
uns  
poemas  
por impíos  
e outros  
por  
lividinosos**



Debuxo de:  
XABIER ZAMORA RODRÍGUEZ, 8º EXB

- Na edición da súa poesía feita en 1946, expurgou algúns poemas ¿cal sería, segundo vostede, a razón?

- Tena explicitado o autor moi claramente na súa correspondencia, uns poemas por *impíos* e outros por *lividinosos*. Realmente Noriega expurgou tódolos poemas social-combativos ou anticaciquís que figuraron na primeira edición de *Do Ermo* en 1920, deixando xa fóra desta edición outros do mesmo tipo, porque non respondían ó seu pensamento conservador. Tamén expurgou todos aqueles poemas co máis leve atisbo eróti-

co ou anticlerical, como *Abrulas* ou *Leite fresco*, pola súa defensa dun catolicismo tradicionalista que non transixía cos novos costumes que puxesen en cuestión os anteriores. Así mesmo, sempre deixou fóra da edición en libro aqueles poemas máis festivos ou profanos, primando na escolla para a publicación da súa obra completa en 1946 aqueles poemas con maior fervor relixioso.

**A  
aportación  
de Noriega  
á Literatura  
Galega  
paréceme  
moi  
importante**

- ¿Como valoraría vostede a aportación de Noriega Varela á Literatura Galega?

- Paréceme moi importante, pois, situado na transición intersecular, consegue evolucionar desde o descritivismo decimonónico ó esteticismo do XX, contribuíndo así á modernización da nosa poesía e por tanto da nosa literatura. Ó mesmo tempo hai que resaltar a súa contribución á conformación dun modelo de lingua literaria que el mesmo foi traballando con paciencia desde o popularismo de *Montañesas* ó modelo máis culto e depurado de *Do Ermo*, mais sempre fiel ó galego patrimonial e dialectal da súa zona mindoniense, que elevou á categoría de lingua esteticamente elaborada. Por outra parte, hai que resaltar tamén a grande contribución que fixo á conservación do patrimonio cultural e lingüístico do noso país, e en especial da provincia de Lugo, a través de todo o seu labor de recolector de literatura e léxico popular.


- ¿Podería contarnos algunha anécdota curiosa de Noriega?

- De Noriega existen moitas anécdotas, unhas certas, outras esaxeradas e algunhas inventadas, que mesmo darían para facer un libro,

**Erpurgou  
uns  
poemas  
por impíos  
e outros  
por  
lividinosos**

- Se tivese que escoller un poema ¿cal escollería? ¿Por que?

- Sempre é difícil escoller un só poema. Eu teño un gosto especial por aquel soneto de 1903 titulado *Fillo do corazón...*, inspirado no *Ala minha que te partiste...* de Camões, pola grande carga afectiva que contén. Da serie de sonetos dos anos vinte destacaría *Ora é unha abedoeira...*, mais todos eles son dunha grande beleza.



Debuxo de:

XABIER ZAMORA RODRÍGUEZ, 8º EXB

- Na edición da súa poesía feita en 1946, expurgou algúns poemas ¿cal sería, segundo vostede, a razón?

- Tena explicitado o autor moi claramente na súa correspondencia, uns poemas por *impíos* e outros por *lividinosos*. Realmente Noriega expurgou tódolos poemas social-combativos ou anticaciquís que figuraron na primeira edición de *Do Ermo* en 1920, deixando xa fóra desta edición outros do mesmo tipo, porque non respondían ó seu pensamento conservador. Tamén expurgou todos aqueles poemas co máis leve atisbo eróti-

co ou anticlerical, como *Abrulas* ou *Leite fresco*, pola súa defensa dun catolicismo tradicionalista que non transixía cos novos costumes que puxesen en cuestión os anteriores. Así mesmo, sempre deixou fóra da edición en libro aqueles poemas máis festivos ou profanos, primando na escolla para a publicación da súa obra completa en 1946 aqueles poemas con maior fervor relixioso.

**A  
aportación  
de Noriega  
á Literatura  
Galega  
paréceme  
moi  
importante**

**- ¿Como valoraría vostede a aportación de Noriega Varela á Literatura Galega?**

- Paréceme moi importante, pois, situado na transición intersecular, consegue evolucionar desde o descritivismo decimonónico ó esteticismo do XX, contribuíndo así á modernización da nosa poesía e por tanto da nosa literatura. Ó mesmo tempo hai que resaltar a súa contribución á conformación dun modelo de lingua literaria que el mesmo foi traballando con paciencia desde o popularismo de *Montañesas* ó modelo máis culto e depurado de *Do Ermo*, mais sempre fiel ó galego patrimonial e dialectal da súa zona mindoniense, que elevou á categoría de lingua esteticamente elaborada. Por outra parte, hai que resaltar tamén a grande contribución que fixo á conservación do patrimonio cultural e lingüístico do noso país, e en especial da provincia de Lugo, a través de todo o seu labor de recolector de literatura e léxico popular.

**- ¿Podería contarnos algunha anécdota curiosa de Noriega?**

- De Noriega existen moitas anécdotas, unhas certas, outras esaxeradas e algunhas inventadas, que mesmo darían para facer un libro,

**Existen  
moitas  
anécdotas  
sobre  
Noriega**

pois a súa peculiar personalidade o converteu nunha figura moi popular nos diferentes lugares onde exerceu a súa profesión de mestre. Por estar moi en relación co que viñemos falando anteriormente referireime só ó caso do poema *Leite fresco*. Na súa primeira edición de 1899 figuraban estes dous versos: *axudeille a erguer o lote / a unha sobriña dun crego*; mais ó incluír este poema longo no libro *Montañesas* en 1904 corrixiu o segundo verso, que pasou a ser *a unha criada dun cego*. Cando en 1946 un grupo de amigos preparou a edición definitiva da súa obra co autor xa enfermo, este opúxose a que o poema figurase na mesma, a pesar da insistencia daqueles. Por o poema describir un diálogo entre un mozo e unhas mozas costureiras en que se pode vislumbrar certa intencionalidade "amorosa", Noriega consideraba que era atentario contra a moral e por iso non quería incluílo. Parece ser que as persoas encargadas da preparación da edición, para convencer ó poeta, foron falar co rector do Seminario de Lugo, quen lles fixo un certificado dicindo que o poema *Leite fresco* non atentaba para nada á moral católica e, por tanto, podía ser incluído no libro sen ningún problema. Aínda con ese certificado diante, Noriega non deu permiso para a inclusión e así *Leite fresco* non figura na edición da obra completa do autor de 1946.

Agradecemoslle a don Xosé Ramón Freixeiro Mato a súa atención para con nós, facendo un recanto nas súas múltiples ocupacións para contestar ás preguntas da revista **AWENCER**.

Entrevistaron:

- . MARCELINO GARCÍA BERMÚDEZ, 8º EXB
- . SERGIO GUTIÉRREZ LODEIRO, 8º EXB





Rotulou:

MARCELINO GARCÍA BERMÚDEZ, 8º EXB

## De MONTAÑESAS:

### DÉITOOS COMIGO NA CAMA...

Déitoos comigo na cama,  
 doulles chuchos no fuciño,  
 e críooos a biberon,  
 coma si foran meus fillos.  
 5 Ánimas e San Antonio  
 mos defendan: ¡dous ranchiños,  
 que trouxo a muller da feira  
 do novel!; chiniño, ¡chiino!...



## UN VINCULEIRO

Vive en casa grande,  
ten as tullas cheas...

- E ¿que almorza?

- Sorbe

papas sin manteiga.

5 Pra aforra-los zocos  
vai descalzo ás feiras,  
onde ós cochos durme  
e sin luz se deita.

10 ¡Este é o vinculeiro  
do cimbro da serra!  
vive en casa grande,  
ten as tullas cheas;  
mais ¡xa pode o demo  
cargar coa riqueza!



Debuxo de:

MATEO MÉNDEZ DORADO, 8º EXB

## NENIÑO, CHAMOU O GADO...

Neniño, chamou o gado;

ós dez anos foi á sega;

ós vinte cunha brañega

saleu da igrexa casado;

5 despois, ¡cincuenta co eixado

virando o monte!... A doniña

eivouse, ora como a tiña

son pra el os fillos, xa apea

i o rasca-bolsas da aldea

10 moito lle rolda a casiña.

## CON FERREÑAS E PANDEIRO

I

Visto que é o noso destino

arribar ó campo santo  
nun cadaleito de pino,

- 5 serás meu bo camarada,  
discreto, que te fas tolo,  
e non te afrixes por nada.

## II

Neniña, si áma-lo aseo,  
esvía os ollos da terra  
i afaite a mirar pró ceo:

- 10 sobre o mundo, que Dios fixo,  
moito se arrastrou o demo,  
e non che hai cousa sin lixo.

## III

- Afertunadas, eu bebo  
tódalas feles da vida;  
15 mais ¡compadecervos debo!,

pois, cando a delor vos cope  
o que inda é ben gota a gota,  
xa o agotaredes dun tope.

## IV

- ¡No me caeu unha bágoa!,  
20 anque brutal foi o golpe,  
anque cruel foi a mágoa:

dera a alma a Dios... ¡mai querida!,  
i hai desgracias de desgracias  
que raen o pranto e a vida.

## De DO ERMO:

### PASA UN VERMIÑO

*Pra Enrique Chao Espina*

- ¡No me tripes, camiñante!  
 cousiña insinificante,  
 teño Un Santo a meu favor,  
 que lle chama ó lobo errante
- 5 irmao e representante  
 das finezas del Señor.

### AS FROLIÑAS DOS TOXOS

- ¡Nin rosiñas brancas, nin claveles roxos!  
 Eu venero as froliñas dos toxos.
- Dos toxales as tenues froliñas,  
 que sorríen, a medo, entre espiñas.
- 5 Entre espiñas que o ceio agasalla  
 con diamantes as noites que orballa.
- ¡Oh do Ermo o preciado tesouro!  
 as froliñas dos toxos son de ouro.
- De ouro vello son, mai, as froliñas  
 10 dos bravos toxales, ¡das devociós miñas!...

### NOSA FALA

- ¿I a que vén ora o brañego?  
 Ai, amantiños, ben cego  
 é o que non ve pola criba:  
 vén gabar o gallego,  
 5 vén pra que o gallego viva.

Nosa fala é un paxariño  
 que adoita fague-lo niño  
 no seio do hirsuto monte:  
 ben na póla dun espiño,  
 10 ben á beira dunha fonte.

Froliña é que non extraña  
 os ermos, e ben se engaña  
 quen se desviva por ela  
 si entre os toxos da montaña  
 15 non se espiñou pra collela.

É rigueiriño que corre  
 mentras a sombra o socorre  
 dalgún mesto piñeiral:  
 fáltalle o agarimo... e morre  
 20 antes de chegar ó val.

É a que requebra á aurora  
 prendada da incerta lus,  
 i en gallego, cando chora,  
 lle canta Nosa Señora,  
 25 pra que adormeza Xesús.

O gallego é un suspiriño,  
 ¡é a cousa máis meiga que hai!,  
 é o linguaxe amorosiño  
 en que oín decir.. ¡filliño!...  
 30 de labios de miña nai.

É faliña que aloumiña  
 que o noso corazón move  
 pra que atallemos axiña  
 os salouquiños do probe  
 35 coa gracia da limosniña.

I é tan ansioso falar,  
 que logra sobrepuxar

a saudosa tristura  
da estreliña da fartura  
40 e das noites de lunar...

.....  
.....

A devoción i a delor  
¡sean sempre ó seu favor!;  
eu moito a venero, e creio  
que solamente no ceio  
45 pode haber fala mellor.

### FILLO DO CORAZON

Fillo do corazón, que nas meniñas  
dos teus ollos levache os meus amores,  
descansa eternamente sobre frores,  
que eu non te hei de olvidar entre as espiñas.

5 Si as bágoas de túa mai i as bágoas miñas  
non te rezucitaron... ¡xa no acores!;  
este mundo é o liñeiro das delores,  
i o ceio ¡fixoo Dios prás estreliñas!...

10 A Virxe te acobexe co seu manto,  
e, xa que é tan cativa a miña sorte  
que no me valeu nada achousar tanto,

¡pide que a triste vida se me acorte!:  
mellor quero ir parar ó campo santo,  
que vivir recordando a túa morte.

### ORA É UNHA ABEDOEIRA...

Trocouse en arboriño (foi noutrora),  
i aparece nos ermos orballada,

porque gusta das lágrimas da aurora,  
xoíñas fulgurantes...

A isolada

- 5 ora é unha abedoeira; mais xa fora  
Nympha, tal vez, ou Princesiña, ¡Fada!,  
ou a Meiga máis linda e argalladora  
que inquietou ós brañegos de Labrada.
- 10 Trocouse en arboriño, i entre abrollos  
esmeraldas perdera. ¡Os claros ollos!  
dous astros milagrosos... Mais non perde
- súa esbelteza, prodixio de finura,  
seu vestido, milagre de brancura,  
e unha ondeante mantilliña verde.



### AS CASAS DOS BRAÑEGOS

As casas dos brañegos son santuarios:  
¡oh, que longos resarios  
vellos e novos, na cociña xuntos,  
rezan, de noite, cabo do fogueira,  
5 pra que a Reiniña queira  
apiadarse das almas dos difuntos!

### A XENTE DA MONTAÑA

(Pra Xulio de Lemos)

- 5 A xente da montaña, a xente miña,  
cara a Dios se encamiña,  
dos santiños do ceio a salú espera,  
e primeiro han faltarlle á noite estrelas  
que ás imaxes as velas  
de cera virxe, mareliña cera.

Debuxo de:

DANIEL VEGA PÉREZ, 1º ESO

## Outros poemas


### A UN BRAÑEGO

¡Deixa rodar o mundo!, ti procura  
imitar os teus pais, os teus avós;  
Dios éche santo vello, sirve a Dios,  
practicando o que manda o señor cura.

A te-lo corpo forte e a alma pura  
limita, si eres cordo, as ambiciós;  
casa o teu corazón cos corazós,  
que proclaman da aldea a fermosura.

Non é xente de honor a que te engaña;  
non digas que o que marcha a terra extraña,  
vai ben libre de verse en bravo apuro;

¡inda che hai quen de fame aló regaña!  
cala, e come o centeo da montaña,  
i amolécete no leite, si está duro.



### RUSTICIDÁ

(Ós meus veciños)

Tedes un medo cerval,  
i eu no me enfado nin berro,  
pois, decidan ben ou mal,  
¿donde hai bois nin pau de ferro  
5 que movan a catedral?

Fixeron esta ESCOLMA:

. EFRÉN EDROSA LAGE, 1º ESO  
. AGUSTÍN RODRÍGUEZ PÉREZ, 1º ESO.

Debuxo de:

. XOÁN FERNÁNDEZ GRANDÍO, 1º ESO



Rotulou:

. RAMÓN CASTAÑAL FERRERÍA, 1º ESO

Noriega Varela adicouse á recollida de literatura popular de tradición oral. Nesta sección, *A carón do lume*, reproducimos algunha desta literatura recollida polo poeta mindoniense.

### refrásns:

- \* Ó que non ten, media cazola lle abonda.
- \* Ano de ovellas, ano de abellas.
- \* Nin boda sin canto, nin morte sin pranto.
- \* Quen non ten pan, ¿pra que quer can?
- \* Sementa no polvo, collerás colmo; sementa na lama, collerás nada.
- \* Val máis un de nabo (un queixo), que catro de maio.
- \* Xaneiro berceiro, nin meda nin palleiro
- \* Caldo sin grasa, pan sin tasa.
- \* Cuña, cuña, que inda que non serra, axuda.
- \* Garda que comer, e non que facer.
- \* Quen ten tres e gasta catro, escusa de saco
- \* Non asines carta que non leas, nin bebas auga que non vexas.

## CANTARES POPULARES

*Anque che son da Montaña,  
nacida nos cotos altos,  
síntoche nacer as herbas  
por debaixo dos zapatos.*

*O meu neno é pequeniño,  
i eu tamén así o quero;  
métoo na manga do saio  
e vou co neno a onde quero.*

*¡Probe cura do Pereiro,  
nativo da Fonte-vella!  
os mozos quéimanlle a palla,  
os ventos lévanlle a herba.*

*¡Asubíos que van dando,  
camiño de Mondañedo!  
hanche ser paxes do bispo,  
que volven do parrafeo.*

*En Estelo non hai mozas,  
en Zoñan todas son vellas,  
i en baixando pra Cesuras  
hai un fato de purrelas.*

*¡Corre, coxo, que che é noite!,  
busca pusada de día:  
os coxos na miña terra  
búscana ó medio día.*

*Sete xastres fan un home,  
catorce fan un testigo,  
e fan falta vintecinco  
pra firmar calquer recibo.*

*Miña mai por me casar  
prometeume un año pego,  
e desque me veu casada,  
non mo deu branco nin negro.*

*Deiteime i adormecín,  
dormín un sono lixeiro;  
deiteime no mes de Maio,  
recordei no de Xaneiro.*

*¡Adiós feira de Gontán,  
feira de pasar o tempo,  
donde van pasear  
tantos cabezas de vento!*

*Eu caseime con pendanga  
porque tiña moito dote;  
agora o dote acabouse  
i hai pendanga pra decote.*

*Si queres que o carro cante  
coma o de noso veciño,  
bótalle eixe de loureiro  
i entortas de sangumiño.*

*Dichosa ti, Maruxa,  
si casas cun carpinteiro,  
que non che han faltar virutas  
pra facer lume ó pucheiro.*

*Comín pan e pan e medio,  
e un feixe de rebanadas,  
e unha cesta de figos  
i o leite de trinta cabras.*

## ADIVIÑAS

Unha dama entrou aquí,  
un galán entrou con ela;  
non se foi nin está aquí,  
¿que diremos que foi dela?

**A vela**

Andar, andar,  
e nunca chegar.

**O muíño**

Anda na igrexa,  
anda no carro,  
anda no pote,  
i anda cos santos.

**O ramo de loureiro**

Corre que corre,  
anda que anda,  
e nunca sale do medio da casa.

**O muíño.**

Lúa crebada,  
que anda na terra.  
(¡Dios nola aparte  
das nosas pernas!)

**O fouciño.**

Preso na cárcere estou,  
entre cadeas metida,  
oras alta i oras baixa,  
oras morta i oras viva.

**A lámpada**

Os mantos de dona Leonor  
cobren os altos i os baixos,  
pero os ríos si que non.

**A neve**

Unha señora  
deitada nun prado,  
vestida de pano labrado;  
nin era pano,  
nin era seda,  
i o que a ve, pasmado se queda.

**A cobra**

Nun buratiño apretado,  
de cinco irmáns que eles son,  
queda un solo encarcerado.

**O dedal.**

Un burro branco  
bailando nun campo  
coa solta nun pé,  
e burro non é.

**O muíño.**

¿Cal é o señor  
que é máis fumador?

**O lume.**

¿Cal é a filla que non fai  
sinón queimar a seu pai?

**A labarada.**

Xan Caballero  
estaba no campo  
e co seu manto;  
fóiselle a silla,  
fóiselle o manto  
e Xan Caballero  
sentouse no campo.

**O felgo**

## A VIRXEN I A PAISANAXE

*Nosa Señora fai medias  
con liña feita de luz,  
o novelo é lúa cheia  
i as medias son pra Jesús*

*Tamén vai Nosa Señora  
entre as que prá sega van,  
fouciña de ouro su brazo  
i o Neniño pola man.*

*¡Carretera dos Remedios!,  
de noite pasei por ela  
i alumárame a Santiña  
do seu altar cunha vela.*

*Señora Santa María  
de arredor de vós andei;  
tantos anxos me acompañen  
como de voltas eu dei.*

*Á Virxen Santa María  
ofreceume miña mai,  
que me doían os ollos  
e no me doeron máis.*

*No cimbro daquela serra  
está un pozo de auga fría,  
onde se lavan os anxos  
e maila Virxen María.*

*Teño de ir "ós Remedios"  
vestida de muradana,  
que me ofreceu miña mai  
pra que a Virxen me sanara.*

*O mariñeiro no mar,  
si a Virxen non llo remedia,  
unha vez perde o timón,  
outra vez rífalla a vela.*

*Quen ten filliños pequenos  
sempre lles ha de cantar;  
i a Virxen canta; mais canta  
con voluntá de chorar.*

*Chorade, ollos, chorade,  
que o chorar non é desprecio;  
a Virxen tamén chorou  
cando veu seu Fillo preso.*

*O cantar que a Virxen canta  
onde a Fonte do romeu,  
o cantar que a Virxen canta  
tamén o cantarei eu.*


*O cantar que a Virxen canta  
cando arrola ó seu Meniño:  
"meu caravel, ¡miña rosa!,  
¡meu bico de paxariño!!".*

*Miña Mai... ¡quérolle moito!,  
i está mui posto en razón,  
que me trougo nove meses  
de par do seu corazón.*

*Miña Mai, miña Maiciña.  
¡miña Maiciña do ceio!,  
que tantas veces me trouxo  
envolto no seu mantelo.*

Fixo a escolma:

IVAN BRAÑANOVA FERNÁNDEZ, 8º EXB



Rotulou:

XABIER GONZÁLEZ PERNAS, 8º EXB

**Sopa de letras**


por CRISTIAN VILLAMIL VARELA, 1º ESO

**Busca o nome de SETE pobos relacionados con Noriega**

E	T	N	E	R	A	L	I	V	A	Ñ	A	R	G
N	U	E	S	T	O	R	N	I	Ñ	O	S	R	A
V	I	V	E	I	R	O	E	D	A	S	U	P	L
E	O	I	B	I	C	A	R	M	B	N	B	A	L
R	L	C	M	L	S	S	E	S	L	E	A	P	E
S	R	P	I	O	S	X	S	G	A	N	R	O	V
M	E	E	D	T	N	F	I	O	S	A	U	R	O
N	M	N	D	B	U	D	E	L	A	I	E	R	V
B	O	G	I	F	F	O	O	E	R	O	I	O	V
F	G	E	P	V	S	P	A	Ñ	T	A	S	I	P
T	H	P	A	R	A	A	L	N	E	R	R	B	O
Y	N	L	F	G	J	H	A	R	S	D	Z	O	N
U	U	A	V	P	E	G	C	N	I	U	O	T	E
N	I	D	N	A	R	E	D	S	O	V	L	A	C

# encrucillado

por MATEO MÉNDEZ DORADO, 8º EXB



1.- Noriega naceu en...

2.- Nome de súa nai

3.- Morreu en...

4.- Obra de Noriega

5.- Calvos de...

6.- 1ª escola que tivo

7.- Noriega estudiou no...

8.- 4º escola que rexentou

concurso

Resolve esta PROBLEMA:

Un amo mandou a un criado, con **CEN PESOS**, mercar **CEN CABEZAS DE GANDO**: carneiros, pitas e bois. Cada carneiro custaba un peso; cada pita, un real e cada boi, cinco pesos ¿Cantos bois mercou? ¿E cantas pitas e carneiros?

Envia-las solucións a **AWENCER**, Apartado, 2 - 27740 MONDOÑEDO (Lugo) antes do 10 de maio. Entre os acertantes sortearase un libro galego.

solucións á **CHISPA** do número 138

á sopa de letras

V	U	S	Z	P	R	X	J	L	P	S	B	T	S	
N	U	E S T O R N I Ñ O										S	R	A
O	E	R	M	E	R	C	E	D	E	S	U	P	L	
E	O	I	B	I	C	A	R	M	E	N	B	A	L	
R	L	C	L	L	G	S	E	S	S	E	A	P	E	
S	R	P	I	K	S	X	S	G	O	N	R	O	V	
M	E	E	R	T	J	F	I	O	Z	A	U	R	O	
N	M	U	D	B U B E L A					I	E	R	V		
B	T	G	H	F	F	O	P	E	G	O	I	O	V	
G	G	E	P A S P A L L A S									I	P	
T	H	P A R D A L			N	A	R	R	B	O				
Y	N	L	F	G	J	C A R R I Z O					N			
U	U	A	V	P E G A			N	A	U	L	T	E		
R	N	I	B	H	L	Y	Z	B	N	R	K	O	N	

# Colaboraron


Félix Villares Mouteira

de OITAVO de EXB

Mateo Méndez Dorado  
 Iván Brañanova Fernández  
 César Bocelo Rey  
 Xabier González Pernas  
 Sergio Gutiérrez Lodeiro  
 Marcelino García Bermúdez  
 Adrián Rodríguez Alonso  
 Xabier Zamora Rodríguez  
 Luís Prados López



de PRIMEIRO de ESO



Ramón Castañal Ferrería  
 Xosé A. Caneiro Bouzamayor  
 Xoán Fernández Grandío  
 Cristian Villamil Varela  
 Agustín Rodríguez Pérez  
 Daniel Vega Pérez  
 Efrén Edrosa Lage

Debuxou a tapa:

CÉSAR BOCELO REY, 8º EXB



**José Luís Villamil González**

Plaza de Abastos, Ptos. 2-4. Tfno. móvil 908 58 88 51 - **RIBADEO**

Teléfono: 12 45 76 - **SAN COSME DE BARREIROS**

Teléfono: 58 62 15 - C/ Eijo Garay, 11 - **BURELA**

Teléfono: 50 70 28 - C/ Julia Pardo, 1 - **MONDOÑEDO**

**RESTAURANTE**



**CAFETERÍA**

*Cruz do Lobo*

*Teléfonos 12 44 03 - Particular 12 44 27*

**SAN COSME DE BARREIROS (Lugo)**

**AUTO MORÁN**

**AUTOCARES - MICROBUSES**

R/ Calvo Sotelo, 13

Teléfonos 52 12 08 - (908) 58 80 97 (Móvil)

Fax 52 13 50

**MONDOÑEDO (Lugo)**